

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEVEDRA**

RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2016 referente á convocatoria para prover varias prazas vacantes no corpo da Policía Local.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) número 124, do 30 de xuño de 2016, publicáronse as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria para o acceso a diversas prazas vacantes no corpo da Policía Local do Concello de Pontevedra, incluídas na oferta de emprego público 2015.

O concelleiro responsable da Área de Persoal, Régime Interior e Patrimonio convocou, mediante Resolución do 16 de xuño de 2016, os procesos selectivos para a cobertura de diversas prazas vacantes no corpo da Policía Local do Concello de Pontevedra, incluídas na oferta de emprego público do ano 2015, que a continuación se sinalan:

– Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A1. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 1. Denominación: intendente.

– Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 2. Denominación: inspector.

– Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 3. Denominación: oficial.

– Grupo segundo o artigo 76 da Lei 7/2007: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 3. Denominación: policía.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*. Os sucesivos anuncios publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos da Corporación nos termos establecidos nas bases.

Pontevedra, 4 de xullo de 2016

Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde

